

SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2.010

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día vintenove de outubro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, dona Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2010.

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 10 de setembro de 2010, cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- PERMUTA DUN TRAMO DE CAMIÑO EN MAUNFE

Iníciase o debate coa exposición, polo sr. Alcalde, do contido da proposta de Alcaldía de permuta dun tramo de camiño en Maunfe, e do seguinte teor literal:

“Permutar a don Alfonso Rábade Ferreiro, as porcións de fincas da súa titularidade descritas a continuación, co fin de afectar ao servizo público o tramo do camiño privado actualmente existente e que discurre polas parcelas de referencia catastral polígono 28 parcelas 204, 260 e 261, desafectando simultaneamente o antigo tramo de camiño público de titularidade municipal que se propón permutar.

A execución da proposta conleva as seguintes operacións:

1. De la finca 204 del polígono 28 con una superficie inicial de 3908 m² se segrega la porción A con una superficie de 665,77 m² destinada a camino público, quedando la finca matriz con una superficie de 3242,23 m² tal como se refleja en plano adjunto.

2. De la finca 260 del polígono 28, con una superficie inicial de 916 m², se segrega la porción B con una superficie de 334,94 m² destinada a camino público, quedando la finca matriz con una superficie de 581,06 m², tal como se define en plano adjunto.

3. De la finca 261 del polígono 28, con una superficie inicial de 1662 m², se segrega la porción C con una superficie de 315,79 m² destinada a camino público, quedando la finca matriz con una superficie de 1346,21 m². Todo ello en plano adjunto.

4. Se agrupan las superficies segregadas de las respectivas parcelas con destino a camino sumando un total de 1.316,50 m² que han de ser cedidos al CONCELLO DE OUTEIRO DE REI con el fin de ser incluidos en el inventario municipal de caminos públicos como bien de uso público.

El camino público existente y que en el presente acto se desafecta y enajena a favor de don Alfonso Rábade Ferreiro tiene una superficie de 592,43 m². Los tramos del camino desafectado se agrupan a las fincas colindantes, quedando como sigue:

A la finca 212 del polígono 28, con una superficie de 2204 m², se agrupan la porción 1 y la porción 3 del camino existente con una superficie de 81,67 m² y 41,77 m². La finca 212 del polígono 28 como resultado de todo ello queda con una superficie de 2327,44 m².

A la finca 211 del polígono 28, con una superficie de 794 m², se agrupa la porción 2 del camino público existente con una superficie de 70,29 m². La finca 211 del polígono 28 resultante queda con una superficie de 864,29 m².

A la finca 210 del polígono 28, con una superficie de 937 m², se agrupa la porción 4 del camino público existente con una superficie de 45,58 m². La finca 210 del polígono 28 como resultado de todo ello queda con una superficie de 982,58 m².

A la finca 355 del polígono 28, con una superficie de 2943 m², se agrupa la porción 5 del camino público existente con una superficie de 51,40 m². La finca 355 del polígono 28 como resultado de todo ello queda con una superficie de 2994,40 m².

A la finca 252 del polígono 28, con una superficie de 2522 m², se agrupa la porción 6 del camino público existente con una superficie de 189,95 m². La finca 252 del polígono 28 como resultado de todo ello queda con una superficie de 2711,95 m².

A la finca 257 del polígono 28, con una superficie de 1066 m², se agrupa la porción 7 del camino público existente con una superficie de 111,77 m². La finca 257 del polígono 28 como resultado de todo ello queda con una superficie de 1177,77 m².

As segregacións e posteriores agrupacións se realizarán simultáneamente.”

En resposta ás preguntas do sr. Arcadio, informa que con carácter previo á formulación da presente proposta, tramitouse o correspondente expediente de desafectación, con notificación personal aos posibles afectados e coa publicación no BOP de Lugo da apertura dun trámite de información pública.

Durante o citado período de información pública non se presentaron alegacións.

Asemade, afirma que no expediente consta a autorización de tódolos propietarios cuxas fincas poidan quedar sen acceso directo a camiño público e dos propietarios afectados polo novo trazado, se ben indica que o novo camiño transcurre íntegramente por fincas do propietario que promove a permuta.

Por último, asegura que o novo trazado mellora en anchura e acorta o percorrido do antigo camiño.

Non xurdindo máis debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- MOCIÓN DO PSG-PSOE CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 3647, 3648 E 3649 DE 25-20-2010.

Iníciase o debate do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal socialista, da moción con rexistro de entrada 3647, do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN:

A situación que pretende instaurar a Xunta de Galica, a partir do 1 de xaneiro do 2011 respecto os controis identificadores do gando é cando menos preocupante para todo o colectivo, tanto para o medio Rural (gandeiros) , profesionais que se adican a elo (Veterinarios), e sobre todo, a sociedade en xeral (consumidores).

Dita situación, pretende utilizar un sistema de marcación, onde os propios gandeiros, ou calquera persoa poida marcar e identificar unha res , sin o control dun inspector profesional, o cal garante determinadas normas básicas na trazabilidade do produto. Polo tanto ese sistema que se pretende instaurar repercutirá dunha forma moi negativa na calidade e seguridade alimentaria.

A maiores, ese sistema proposto de marcación onde os propios produtores son xuez e parte, pode incidir gravemente na Lei de Benestar animal, pois os animais que son trasladados dende a explotación ata outro centro, non terán un control do número de días que teñen de vida.

Así mesmo as explotacións carecerán da labor que se exercía, de policía sanitaria, por parte dos inspectores que efectuaban o marcaxe, sumándose unha posible volta atrás

no control e detección de vacas tolas ou detección de EBB, co conseguente risco que isto supón para a saúde pública

Nun mercado onde a calidade alimentaria é fundamental, que debería gañar paulatinamente a confianza dos consumidores, con este sistema, bárrese o concepto de trazabilidade no sector agroalimentario, e pode ter consecuencias moi graves tanto para o sector produtivo como para os consumidores.

Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

Instar a Xunta de Galicia, a que manteña o mesmo sistema de control que viña realizando ata de agora, respecto os controis identificadores do gando, por parte de Técnicos que exerzan a labor de inspección, dunha maneira rigurosa, profesional e independente.

En Outeiro de Rei a 25 de Outubro do 2010”

Rematada a defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, o sr. Alcalde propón debatir esta moción conxuntamente coa presentada polo BNG e que trata sobre o mesmo asunto.

Sométese a votación a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG sobor ás modificacións na identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras e registrada co número 3675.

Aprobase a urxencia da moción pola unanimidade dos mebrs da corporación.

A continuación o sr. Arcadio defende a moción presentada polo grupo municipal do BNG e do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

Moción relativa ás modificacións na identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras

Exposición de motivos

Estes días os gandeiros galegos están recibindo información verbal desde as Oficinas Agrarias Comarcais anunciándolles unha serie de cambios no que respecta ao sistema de identificación e rexistro do gando bovino.

Neste momento, aínda que tamén se podía xestionar nos locais das Oficinas Comarcais, a maioría estíbese facendo a través dos veterinarios identificadores que acudían ás explotacións para poñerle o crotal aos animais e ao mesmo tempo, para daren de alta os distintos movementos que se producían nestas explotacións como o nacemento, compra - venda ou morte dun animal.

A presenza dos veterinarios nas explotacións, en xeral, facilitáballes moito o labor aos gandeiros, pois colaboraban para anotar correctamente no libro de explotación e favorecía un control e seguimento moito máis rigoroso e axeitado.

Segundo as informacións que están difundindo desde as Oficinas Comarcais, os cambios irían polo camino de suprimir a visita dos veterinarios ás explotacións (só se

achegarían para facer inspeccións periódicas) quedando a identificación, rexistro e anotacións dos animais no libro de explotación, unicamente a cargo dos gandeiros, que deberían pasar a recoller as chapas na Oficina e por tanto, limitando o asesoramento e o seguimento directo por parte da administración. De se confirmaren estes cambios, a maioría das xestións administrativas terían que facelas a través dunha "Oficina Agraria Virtual" da Xunta, vía internet ou no seu caso telefonicamente.

Esta medida, en concellos como o noso, podería supor problemas para moitos gandeiros, pois a maioría das explotacións non poden dispoñer de acceso a internet, situación que os obrigaría a trasladarse á Oficina Comarcal para uns trámites ou chamar ao teléfono 012 da Xunta para outros, cada vez que naza, morra, venda ou compre un animal, aumentando deste xeito, o custe e o tempo de atención a explotación. Así mesmo, cumpriría aclarar se esta alternativa vai suponer un aforro económico na tramitación e as medidas de seguridade na xestión da tramitación que se pretenden tomar.

A maiores, as consultas feitas polos gandeiros diante da Consellería do Medio Rural non lles aclararon nada de como nin cando pensa a Xunta de Galiza efectuar estes cambios.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG presenta, para o seu debate e aprobación polo Pleno, o seguinte

ACORDOS

1º.- Demandar da Xunta de Galiza información oficial e precisa sobre os cambios que pretende introducir a Consellería do Medio Rural no sistema de identificación, rexistro e control das explotacións gandeiras.

2º.- Demandar da Xunta de Galiza información sobre o destino e cometido do actual servizo de veterinarios identificadores, se finalmente deixan de colaborar cos gandeiros na identificación, rexistro e anotación no libro de explotación, como se ven facendo até agora.

3.- Reclamar da Xunta de Galiza que as medidas a desenvolver vaian acompañadas da correspondente redución de custes de tramitación, mantendo ao mesmo tempo por parte da Administración galega, as medidas de seguimento e seguridade alimentaria.

3º.- Que, previamente á implantación de calquera medida que obligue aos gandeiros a utilizar unha Oficina Agraria Virtual para poder relacionarse oficialmente coa Administración Galega, se dote do servizo de internet con cobertura efectiva e real a todas as vivendas e explotacións do noso concello.

Outeiro de Rei, 21 de setembro de 2010”

Rematada a defensa da moción, o sr. Pardo Lombao, como voceiro do grupo municipal do PP anuncia a oposición do seu grupo á aprobación da moción, e pide coherencia aos grupos da oposición, xa que cando se implantou o modelo que agora vai modificarse dixeron aos gandeiros galegos que a Xunta case ía roubarlles os cartos, xa que obrigaban a contratar a veterinarios para facer o que eles podían facer e, de xeito, xa facían.

E agora, os mesmos que antaño poñían o grito no ceo pola implantación do sistema de marcaxe por veterinarios, agora o poñen porque se retira este sistema e se volta ao marcaxe polos propios gandeiros.

Pero o que é absolutamente impresentable é a desconfianza hacia o gandeiro, que manifestan tanto o BNG coma o PSOE aludindo a perda de garantías, perda de calidade, desconfianza do consumidor ou, tal e como dixo o voceiro do PSdG-PSOE, a que se converte ao gandeiro en “xuíz e parte”.

Esas acusacións non van a ser toleradas neste Pleno polo grupo municipal do PP, xa que os gandeiros son tan de fiar e tan horrados como calquera.

E o novo sistema non implica merma de calidade, xa que hai uns inspectores que, ao igual que agora, irán polas explotacións vixiando o recto cumprimento da norma.

E creer que o feito de que o veterinario faga o marcaxe implica maior garantía é descoñecer o funcionamento das explotacións.

Neste intre, o sr. Alcalde explica que cando nace un xato o veterinario non está presente, salvo en contadas ocasións. E non será senón até pasados uns días cando se chama ao veterinario para que identifique o animal. Neste intre, o veterinario pregunta ao gandeiro cando naceu o becerro e iso é o que apunta o veterinario.

E o veterinario non é quen para dicir se o becerro naceu un ou dous días antes ou despois, e ni tan sequera se é fillo deste ou doutra vaca da mesma explotación.

Polo tanto, o novo sistema aforra custes aos gandeiros, permítelles optar entre manter o sistema anterior ou facelo por sí mesmo e por utilizar o teléfono ou a internet, e non diminúe a garantía do consumidor.

Replicalle o sr. Varela, voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, dicindo que a incoherencia é implantar primeiro un sistema de marcaxe para logo quitalo. E falar de despilfarro é falar da cidade da cultura ou da TVGa, e non do verdadeiramente importante.

Recorda que a trazabilidade presupón o control externo en garantía da veracidade dos datos expresados en tal trazabilidade, e a marcaxe é un elemento fundamental deste seguimento dende o nacemento ata a mesa do consumidor.

E aquí non se trata de dubidar da honorabilidade dos gandeiros, pero ao igual que non se permite que o arquitecto municipal informe licenzas sobor proxectos redactados por él mesmo, o gandeiro non pode constituirse como garantía imparcial dos datos que él mesmo suministra.

Por iso a marcaxe polos gandeiros é incompatible co concepto de trazabilidade.

O sr. Alcalde pregúntalle ao sr. Varela se cando marcou animais fixo algún tipo de control para verificar a filiación do animal.

O sr. Varela afirma que, cando menos, fixo un control visual.

O concelleiro Luis Varela Pérez afirma que, se vai facer unha marcaxe a un animal da súa explotación non é capaz de precisar se o becerro é fillo daquela vaca ou non.

Insiste o concelleiro que unha cousa é a trazabilidade e outra a marcaxe. E pon coma exemplo o feito de que él, como gandeiro, ten un prazo de vinte días para marcar o animal dende que nace, e dende este momento séguese o movemento do animal e da carne.

Engade o sr. Pardo que o veterinario, o único que fai no marcaxe, é unha labor de auxiliar administrativo, pero non unha labor como profesional da sanidade animal, e o único xeito que hai que verificar fielmente os datos que se aportan na marcaxe e identificación é mediante o control de ADN que se fai na inspección.

E recorda que co sistema que agora se vai modificar o gandeiro xa ten que facer unha chamada, xa que ten que chamar ao veterinario para que marque o animal, xa que o veterinario non vai se non o chaman, polo que pódese ter dez ou cen becerros sen marcar co sistema actual.

E non existe incoherencia algunha, xa que o sistema actual implantouse no seo da alarma social extrema que orixinou o episodio das vacas locas, pero hoxe en día xa non ten razón de ser.

E insiste en que o novo sistema aforra cartos e garante a calidade e a seguridade do produto.

Rematado o debate, sométese a votación conxunta as mocións presentadas.

Realizada a votación, as mocións resultan rexeitadas con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e catro votos a favor pertencentes aos restantes concelleiros presentes.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE inicia a defensa da moción presentada polo seu grupo con número de rexistro de entrada 3648, do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 256811986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 1111999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN:

A situación na que se atopan moitos recursos naturais no noso Concello é preocupante, debido ó seu estado de abandono e esquecemento dos mesmos.

Un deles, A Fonte da Pinguela, que se atopa nun estado de abandono e deterioro dende o seu manantial, ata o lugar onde se serven de auga os veciños e usuarios da mesma, que repercute nunha baixa importante do caudal que emana dita fonte.

Trátase este recurso natural e hídrico, dun ben de interese, cultural e popular no Concello de Outeiro de Rei, e limítrofes.

Por todo o anteriormente exposto, proponho o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

O arranxo de maneira urxente da Fonte da Pinguela que se atopa nunha situación de abandono, tomando en todo momento as medidas pertinentes que garantan a facilidade e seguridade dos usuarios.

En Outeiro de Rei a 25 de outubro do 2010”

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o sr. Alcalde, quen anuncia o rexeitamento da moción, e non porque esté en contra de arranxar a fonte, senón porque estas labores non se fan esporádicamente, senón permanentemente.

De feito, este verán estívose a traballar nela co gallo de obter maior caudal. E recorda que, polo menos, en dúas ocasións chegouse a cambiar a tubería por si esta perdese auga, limpouse a fonte e traballouse no muro, e tras estas labores chegouse a conclusión de que na fonte non hai máis auga que a que dá, xa que non se detectou por ónde poidese perder.

E a fonte está limpa, xa que se limpa periódicamente, o que non evita que haxa algunha folla dado que está nun entorno sombrío, e insiste en que a fonte non dá máis auga que a que ten, e que todo o que dí nesta moción fíxose neste verán e non aumentou o caudal.

O sr. Arcadio asegura que é necesario manter esa fonte en bó estado, e recorda que o grupo do BNG xa presentou iniciativas neste sentido, coma a de facer un inventario das fontes e do seu estado de conservación para facilitar a programación destas tarefas.

O sr. Pardo asegura que o Concello xa está a traballar nelo, tanto para identificar o patrimonio como para identificar as necesidades que se poidan cubrir en cofinanciación con outras administracións públicas.

O sr. Varela afirma que o caudal do manantial é visiblemente superior ao caudal da fonte, polo que por algún lado ten que perder. E o único que solicitan é que se estude esta circunstancia para poñerlle fin e recuperar o antigo caudal.

O sr. Pardo insiste en que o Concello xa ven facendo dacote labores de conservación desa fonte, e fixo o todo o razoablemente posible para amañala sen lograr mellorar o caudal, a pesar do cal vaise seguir facendo. Agora ben, o momento de facer iso é no verán, cando o terreo está seco e se poden detectar as fugas, e non agora. E recorda que se fixo no mes de agosto e non se detectou nada.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e seis a favor pertencentes aos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

Acto seguido o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE inicia a defensa da moción presentada polo seu grupo co número de rexistro 3649 e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e

régimen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN:

As diferentes e conflitivas decisións adoptadas pola Consellería de Educación no curso pasado e neste mesmo ano, non fixeron máis que colocar ao ensino público galego nunha comprometida situación afondando no desequilibrio territorial de Galicia e no despoboamento do medio rural. Basta lembrar algunhas das súas actuacións na provincia de Lugo:

- Eliminación do sistema de préstamo gratuito de libros de texto.
- Publicación dun polémico, conflictivo e mal chamado "decreto do plurilingüismo".
- Eliminación dos servizos de comedor en centros educativos do rural.
- Supresión de ciclos e módulos de Formación Profesional endurecendo os criterios do número mínimo de alumnos para o seu mantemento.
- Escandalosa discriminación aos colexios públicos da provincia de Lugo no reparto de ordenadores do Plan Abalar.
- Redución do presuposto dos gastos de funcionamento na maioría dos centros da provincia.
- Este mesmo curso 2010/2011 e segundo datos facilitados pola propia Consellería produciuse un incremento do alumnado escolarizado en Educación Infantil e Primaria na provincia Lugo ao tempo que a Xunta pechaba aulas e suprimía postos de traballo. Máis alumnos pero menos profesorado e con menos aulas abertas.
- Nos centros de ensino secundario a redución de profesorado foi moito maior e o Conselleiro recoñeceu en sesión parlamentaria unha redución de 300 docentes ao que habería que engadir a intencionada pésima xestión da cobertura de baixas con criterios estritamente de aforro.

Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

Instar a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a calidade dos servizos educativos complementarios no centro educativo do concello de Outeiro de Rei dotando dos suficientes recursos humanos e materiais aos mesmos.
2. Garantir a suficiente dotación de profesorado no centro educativo público do concello de Outeiro de Rei, tendo en conta os criterios educativos de calidade e non os argumentos estritamente economicistas.
3. Mantemento de todos os servizos de comedor escolar público atendidos con persoal laboral propio da Xunta de Galicia en todos os centros educativos públicos da provincia de Lugo que dispoñan do mesmo.

En Outeiro de Rei a 25 de Outubro do 2010'

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o sr. Arcadio, quen dí compartir o contido da moción e asegura que, dende que o PP chegou ao poder, o único ao que se dedicou foi a desfacer os logros do Goberno anterior.

O fin do programa de préstamo gratuito de libros de texto é unha mágoa, que pon pedras no camiño da xente con dificultades económicas. Outro exemplo desta política exclusivamente economicista é o peche de escolas no rural, o que é contrario ao pretendido asentamento da poboación no rural e que aboca a estos concellos a despoboación. Ou o peche de comedores escolares e, consecuentemente, a solución inaudita de levar aos nenos a comer aos bares.

E se algo de esto está a pasar no colexio de Outeiro de Rei ou se prevé que suceda, debe facerse o posible para evitalo.

O sr. Alcalde resposta que en Outeiro de Rei non se dá ningunha das situación descritas na moción. Ao contrario, espera que no futuro haxa que ampliar máis que reducir polo aumento de poboación.

Polo tanto, o que se dí na moción respecto do Concello de Outeiro de Rei non é así, e a calidade educativa é a mesma que no anterior goberno da Xunta, salvo nunha cousa que é mellor: no Decreto relativo a lingua do ensino, cuxa modificación foi un compromiso electoral do Partido Popular amplamente refrendado pola poboación e, como tal, ten a obriga de cumprilo.

No que se refire ao préstamo gratuito non é de recibo o que facía o anterior goberno, no que se recoñecía o mesmo dereito a quen ganaba 100 que ao quen gañaba 10, ao igual que se fixo no Estado cos 400 euros do IRPF ou co cheque bebé.

Non poden falar de despilfarro cando o bipartito gastou, non se sabe en qué, dous mil seiscentos millóns de euros que non lles correspondían e que agora hai que devolver.

E vital son as infraestruturas, a sanidade, a educación..., pero tamén é vital devolver os dousmil millóns de euros que malgastou o anterior goberno bipartito e que de algún sitio terán que sair.

Está claro que para pagar a desfeita económica do bipartito do BNG e do PSOE haberá que recortar dalgún sitio, ou de moitos.

Comer de cátering non significa comer peor, pois dependerá de qué calidade sexa o cátering ou do ben ou mal que se cociñase na escola.

O tema non é para rirse, xa que a situación á que nos levaron é moi seria e agora esixe esforzos e recortes.

E non podemos esquecer o que sucedeu recentemente no que o Estado español estivo a piques de quebrar porque non había quen lle deixase os cartos. E as autonomías somos parte do Estado e temos que cumprir coa nosa parte de responsabilidade.

Por todo iso anuncia o voto en contra da moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e seis a favor pertencentes aos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

Prosegue a orde do día coa exposición e defensa, polo sr. Arcadio, da moción con número de rexistro 3674 presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao mantemento do Noitebús, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce María Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

Moción para esixir o mantemento do Noitebús

O PP, a través da Xunta de Galiza, vén de anunciar a súa intención de suprimir o servizo coñecido como Noitebus. Esta iniciativa, posta en marcha na pasada lexislatura, forma parte das actuacións destinadas a mellorar a seguranza viaria e reducir a sinistralidade, cubrindo as necesidades de desprazamento nocturno da mocidade. A demanda que rexistrou desde a súa posta en funcionamento dan boa mostra de que é un servizo necesario do que non se pode prescindir.

É lamentábel, á par que unha irresponsabilidade, escoltar do Presidente do Goberno Galego que "este é un servizo que resulta innecesario nun momento de dificultades económicas", cando persoas expertas nesta materia fixeron público o seu desacordo nestes mesmos días. A propia Dirección Xeral de Tráfico (DGT) afirma que "este servizo ten demostrado a súa eficacia, ademais de contribuír a eliminar vítimas e a concienciar sobre a conducción segura". Tamén a plataforma Stop Accidentes uniuse a estas manifestacións para cualificar a pretensión do goberno do PP de "desastre", para engadir que "sempre é máis barato previr que lamentar".

O BNG considera un auténtico desatino a intención do PP e o anuncio feito polo Presidente da Xunta. Os fondos destinados a previr os accidentes e dar servizos á xente nova non poden considerarse un dispendio. Por outra parte o custe do servizo é perfectamente asumíbel pola Xunta de Galiza. No ano 2010 a Xunta dedicou ao Noitebus pouco máis de 4,5 millóns de euros, unha cifra que representa o 0,5% do orzamento da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Un investimento moi inferior ao gasto que o goberno do PP está a facer en propaganda e publicidade desde a Xunta de Galiza. O normal é que os recortes se realicen no ámbito da propaganda e non en servizos que cumpren unha función social evidente. A Xunta de Galiza debe rectificar esta decisión e manter o funcionamento dun servizo que ten demostrado a súa necesidade e utilidade.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a manter o funcionamento do transporte público nocturno a lugares de lecer (Noitebus), ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa funcionamento no conxunto do territorio galego.

Outeiro de Rei, 25 de outubro de 2010”

Rematada a defensa, toma a palabra o sr. Varela, quen defende a conveniencia de manter o servizo de Noitebús xa que é un servizo directamente vencellado á seguridade vial.

Este servizo mellorou moito a seguridade nas estradas, cuantificando a Xunta de 35.400 os mozos e mozas que utilizaron este servizo no último ano e cunha tendencia ao incremento de demanda.

Éste é un colectivo importante que ve afectada directamente a súa seguridade, polo que abogan por manter o servizo.

O sr. Pardo Lombao pregunta qué é máis prioritario, o Noitebús ou o gasto en educación, e recorda que nunha situación económica coma a que vivimos priorizar o gasto é imprescindible.

En calquer caso, informa que as liñas de Noitebús que teñen usuarios firmaron o contrato coa Xunta ata decembro de 2012, polo que o servizo está garantido, polo menos, ata esta data. E os que non teñen usuarios, a día de hoxe, é impensable que se manteñan circulando valeiros.

Asegura o sr. Pardo que o servizo lle parece interesante, pero ao mellor poderíanse subir os prezos, xa que 2,50 euros é un prezo módico, sobre todo cando os traballadores que teñen que ir a traballar non teñen nin ese servizo nin esos prezos para desprazarse ao seu posto de traballo.

E que un rapaz de 20 anos teña un servizo público pagado por todos para ir de copas, e un traballador teña que utilizar o seu coche (se pode compralo e mantelo) para ir a traballar as oito da mañá non é o máis coherente.

Polo tanto, unha boa solución sería manter as liñas onde existe unha certa demanda e subindo o prezo do billete, xa que manter o servizo onde non haxa usuarios non é sostible.

Afirma que a totalidade das mocións presentadas teñen un transfondo económico; todas solicitan máis recursos para prestar servizos. E parecen ignorar a situación crítica que nos toca vivir por unha mala xestión anterior.

E remata calificando a moción de demagóxica, xa que os contratos están firmados ata decembro de 2012 e descoñecen a realidade actual.

O sr. Arcadio asegura que a orde que regula estas axudas está vixente ata decembro de 2010, polo que aquí morrerá o servizo.

Tamén manifesta que o custe do servizo é inferior ao custe da visita do Papa a Galicia, e pregúntalle ao sr. Alcalde se recorda a cantidade de mozos que morreron na zona nas circunstancias que se tratan de evitar co Noitebús. Está a falar de mortos e parapléxicos, non de cartos.

E isto non é derrochar os cartos, derrochar os cartos é gastalos en propaganda coma fai o Goberno da Xunta de Galicia.

O voceiro do grupo municipal do PSdP-PSOE insiste en que a moción vai pola vía de priorizar no gasto, e como dicía o sr. Arcadio, a visita do Papa de 8 horas custa tanto coma garantir a seguridade vial de 35.400 xoves.

Polo tanto non se trata de gastar máis, senón de outro xeito. Vostedes entenden que cultura é gastar 400 millóns de euros na Cidade da Cultura, mentres que nos creemos que é ter comedor escolar. Diso se trata.

O sr. Pardo Lombao comparte a idea de que existe unha diferenza de criterio na asignación de recursos, e basta ver cómo cando asigna os recursos a esquerda o país se empobrece e, cando os asigna o centro-dereita, o país cada vez crece máis.

E a visita do Papa, máis aló da ideoloxía, é unha inversión económica que retorna sobradamente a economía galega, porque unha cousa é gastar e outra é invertir.

O que olvidan dende o PSOE e o BNG é que todos os servizos custan e hai que pagalos. E quen os pagan son os propios cidadáns cos seus impostos, antes ou despois. Nada é gratuito.

Isto hai que telo presente sempre, e máis aínda nunha situación económica coma a actual. Pero o PSOE e o BNG o esquecen cando propoñen prestar servizos sen reparar en custes ou na demanda do servizo.

Por iso non lle extraña que propoñan que os autobuses anden baleiros dun lado para o outro, porque non se decatan que custan cartos aos cidadáns, e que esos cartos poden adicarse a outros servizos máis prioritarios.

E no que atinxe ao Noitebús, a Xunta manterá o servizo onde realmente existe unha demanda razoable que o xustifique, pero non onde non existe tal demanda, porque iso non é razoable nin económica nin socialmente.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e seis a favor pertencentes aos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura, en viva voz, do seguinte escrito de preguntas presentado polo grupo municipal socialista:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, í amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación c punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- ¿Preveu a traída de auga municipal das suficientes bocas de incendio, e dan o cauda necesario para unha situación de emerxencia ?

2.- ¿ Cómo é posible, que o Centro escolar de Outeiro de Rei, esté sin sinalizaciór algunha, tanto de perigo, como da ubicación do mesmo ?

3.- ¿Ten o Concello previsto algunha partida ou forma de axuda directa os veciños, nc caso de incendio, ou catástrofes producidas por elementos naturais (vento, auga, etc..)?”

O sr. Alcalde resposta nos seguintes termos:

Existen bocas ou puntos de auga na totalidade dos núcleos, e aínda así non se sabe se é suficiente, porque para iso debería haber unha a carón de cada casa e iso non sucede nin nas cidades nin nas rúas.

No que respecta ao centro escolar, existe unha sinal de 50 e, ao estar na N-VI, a responsabilidade da sinalización corresponde ao Ministerio de Fomento.

E polo que atinxe a sinalización de ubicación, sorpréndelle que se presente esta pregunta cando o Concello acaba de colocar as sinais de localización de tódolos

edificios municipais, existindo na N-Vi, a lo menos tres puntos de sinalización e na estrada de Castro outro. E na propia porta do centro está o cartel que o sinaliza como CEIP Laverde Ruiz, que debe ter tantos anos como o propio centro.

Para os casos de emerxencia están as partidas de emerxencia social. E se no futuro xurde un suceso de emerxencia que requira de outros compromisos, o Concello fará o esforzó que sexa preciso e posible e sempre tendo en conta as circunstancias de cada caso.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura, en viva voz, do seguinte escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Ma Neira Fraga, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concelo de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo en conta que habendo unha sentenza firme, na que di que unha das parcelas incluídas no plan de sectorización RA 49 non existe.

PREGUNTAS:

1. Teñen vostedes pensado facer algunha modificación no citado plan?
2. En que situación vai a quedar esta parcela?
3. Desde o comenzo do citado plan de sectorización RA 49.Tense recibido neste concello algunha petición ou algunha solicitude por parte da fiscalía?
4. Si e así. Pode decirnos en que consiste?.”

O sr. Alcalde resposta nos seguintes termos:

Non se fará ningunha modificación do Plan porque non é necesaria.

A parcela quedará integrada no sector como lle corresponde.

Non se recibiu ningún escrito ou petición do Ministerio Fiscal.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e tres minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita. Asdo.: José Pardo Lombao